

La grammaire inversée



INSTRUCCIÓN DE USO

Marco Vélez Barreiro
(EOI da Coruña)

Proxecto realizado no marco dunha licenza por
Formación retribuída pola Consellería de Educación
durante o curso 2016-17.



A “Gramática inversa” comprende 20 vídeos curtos (3-7 minutos) sobre gramática francesa para o nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). Cada un dos vídeos ten dúas series de versións diferentes: as “versións HTML” e as “versións SCORM”.

1) Versións HTML

Cada vídeo vai integrado nunha páxina web que se pode instalar nun servidor remoto ou á que se pode acceder localmente. Para isto, abre o cartafol correspondente e fai clic no ficheiro chamado “index”.

Hai dúas versións HTML:

- a) **A versión HTML galega**, que inclúe os 20 vídeos con subtítulos en francés, galego e castelán.
- b) **A versión HTML internacional**, que inclúe os 20 vídeos con subtítulos en francés e en inglés.

Cada versión inclúe unhas breves instrucións nas linguas correspondentes, os vídeos subtitulados e un dossier pedagóxico en PDF que podes ler na pantalla do computador, descargar e / ou imprimir, cos solucionarios, para traballar en autonomía.

Mira cada vídeo tomando notas como se se tratase dunha clase co teu propio profesor. Se non comprendes algunha cousa, volta atrás para ver de novo a parte da explicación que non entendiches. Se é preciso, utiliza os subtítulos en francés ou en galego para comprender ben a narración.

Se despois de ver o vídeo aínda hai algunha cousa que non entendes, anótaa e pregúntalle ao teu profesor a próxima vez que teñas clase con el/ela. Fai as actividades do dossier para practicar o punto gramatical do vídeo e despois, verifica as túas respostas.

2) Versións SCORM

As versións SCORM permiten interactuar coas gravacións respondendo a preguntas sobre os seus contidos. Se esta é a versión que o teu profesor decidiu utilizar, probablemente darache instrucións sobre como acceder aos arquivos a través da aula virtual do teu centro educativo.

Hai catro versións SCORM:

- a) **A versión SCORM francesa**, que inclúe os 20 vídeos sen subtítulos ou con subtítulos en francés.
- b) **A versión SCORM galega**, que inclúe os 20 vídeos sen subtítulos ou con subtítulos en galego.



- c) **A versión SCORM española**, que inclúe os 20 vídeos sen subtítulos ou con subtítulos en español.
- d) **A versión SCORM inglesa**, que inclúe os 20 vídeos sen subtítulos ou con subtítulos en inglés.

Pon en marcha o vídeo e mírao tomando notas como se se tratase dunha clase co teu propio profesor. De cando en vez a gravación pararase e terás que responder a unhas preguntas sobre a secuencia que acabas de ver. Responde ás preguntas para poder continuar vendo o vídeo.